XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 - San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 - Fax 981 545 025

ANEXO II (modificado)

## BAREMO PARA INCORPORACIÓN DE NOVAS EMBARCACIÓNS OU INCREMENTO DE HABILITACIÓNS NUN PLAN DE RECURSOS ESPECÍFICOS

### 1. CRITERIOS XERAIS

1°. Salvo acordo en contrario debidamente motivado e recollido no plan de explotación presentado pola entidade solicitante, as prazas vacantes na modalidade de "embarcación" nun plan de explotación de recursos específicos cubriranse en primeiro lugar mediante o incremento de tripulantes habilitados nas embarcacións que xa teñan recoñecido o recurso de que se trate no seu permiso de explotación, tal e como se recolle no apartado 2 do anexo II .As prazas non cubertas deste xeito cubriranse coa incorporación de novas embarcacións.

2°. Como regra xeral, non se admitirá ningunha nova embarcación que teña un só tripulante. Este criterio poderá excepcionarse cando por motivos xustificados e debidamente motivados no plan de explotación o solicite a entidade interesada.

3°. Cando se trate de embarcacións de nova incorporación, as prazas ofertadas iranse cubrindo en función do número de tripulantes habilitados ou mergulladores que teñan as embarcacións seleccionadas, sen que isto poida implicar en ningún caso que o número total de habilitacións asignadas sexa maior que o de vacantes ofertadas. En consecuencia, se as prazas que restan por asignar son menos que o número de tripulantes da embarcación á que lle correspondan pola orde de selección, só se lle outorgará o número de habilitacións que reste por asignar.

4°. O número máximo de habilitacións quedará limitado ao número máximo de tripulantes autorizados pola administración competente de acordo coas características da embarcación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral do Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 - San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 - Fax 981 546 025

## 2. BAREMO PARA O INCREMENTO DE TRIPULANTES HABILITADOS EN EMBARCACIÓNS QUE XA TEÑEN RECOÑECIDO O RECURSO NO PERMISO DE EXPLOTACIÓN

A. Para o outorgamento das prazas ofertadas teranse en conta os seguintes criterios de prioridade:

a) distribuiranse en primeiro lugar entre as embarcacións cun só tripulante habilitado

b) as que resten por outorgar, asignaranse ata completar as tripulacións das embarcacións que xa viñan participando no plan e teñan enrolados a tripulantes sen cupo a lo menos por tres meses durante a vixencia do plan de explotación anterior

c) finalmente, asignaranse ao resto das embarcacións

B. Dentro de cada un dos grupos sinalados nas letras a, b e c anteriores, se o número de solicitantes fose maior que as vacantes que quedan por asignar, atribuiranse por orde de puntuación acadada de conformidade cos seguintes criterios:

a) no caso de habilitacións para percebe, sumarase a puntuación que resulte de dividir o arqueo da embarcación en TRB polo nº de habilitacións que teña autorizadas, á puntuación do apartado 3.A.1 mais a do 3.A.4

b) no caso de mergulladores, sumarase a puntuación que resulte de dividir o arqueo en TRB polo nº de mergulladores á puntuación dos apartados 3.A.1 e 3.A.3

c) en caso de empate, terán preferencia aquelas embarcacións cuxos armadores sexan exclusivamente unha ou varias mulleres, sempre que sexan á súa vez propietarias da embarcación ou teñan cedida a súa explotación indefinidamente

d) de persistir o empate, resolverase por sorteo a realizar en presencia dos incursos en tal situación

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 · San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 - Fax 981 545 025

## 3. BAREMO PARA A INCORPORACIÓN DE NOVAS EMBARCACIÓNS

### A. CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIS DA FLOTA

A.1. En función do número de baixas achegadas para a construción da embarcación: 3 puntos por cada baixa achegada.

Se o proxecto de construción foi conxunto, aplicarase a puntuación anterior ás baixas que proporcionalmente lle correspondan á embarcación solicitante, en función do resultado de dividir o número das baixas achegadas entre as construídas. Se o cociente desta división non é un número enteiro, aplicarase o número enteiro inmediatamente inferior.
Para os efectos do disposto neste apartado, entenderase por "baixa achegada" unha unidade pesqueira completa, independentemente do seu arqueo.
A.2. Polas artes das que dispón a embarcación no seu permiso de explotación no momento da convocatoria:

- 1 arte .................. 4 puntos
- 2 artes .............. 3 puntos
- 3 artes .............. 2 puntos
- 4 artes .............. 1 punto

A.3. No caso de optar a modalidade de mergullo, por cada recurso específico que posúa no permiso de explotación:

- 1 recurso específico ................ 0,25 puntos
- 2 recursos específicos ............ 0,50 puntos
- 3 recursos específicos ............ 0,75 puntos
- 4 recursos específicos ............ 1 punto

A.4. No caso de optar á modalidade de percebe, polo arqueo da embarcación:

- ata 1 TRB ......................................2 puntos
- máis dunha TRB e ata 2,5 ..............3 puntos
- máis de 2,5 TRB e ata 5 ..................1 punto

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 - San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 - Fax 981 545 025

## B. EXPERIENCIA PROFESIONAL NO SECTOR

Contabilizaranse 0,2 puntos por mes completo no que o armador da embarcación participara nun plan de explotación durante a vixencia dos tres plans anteriores, enrolado nunha embarcación con habilitación de percebeiro ou como mergullador no caso doutras especies. Para os plans de percebe contabilizará ter o permiso de explotación para percebe a pé nos últimos cinco anos naturais, excepto se a perda desta condición fose como consecuencia dunha sanción ou por incumprimento dos requisitos do plan de explotación debidamente acreditado.

## C. POR FORMACIÓN DO ARMADOR EN MATERIA DE MARISQUEO, PESCA E ACUICULTURA

Materias para a súa formación profesional: cursos relacionados coa súa profesión.(Non se computarán os títulos profesionais necesarios para exercer a actividade)

a)cursos impartidos pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: 0,05 puntos por hora lectiva do curso, ata un máximo de 3 puntos. Se non consta o número de horas, cada curso puntuarase con 1 punto.

b)cursos impartidos por outros organismos públicos: 0,025 puntos por hora lectiva do curso, ata un máximo de 1,5 puntos. Se non consta o número de horas, cada curso puntuarase con 0,5 puntos.

Se o barco está explotado por unha sociedade civil ou mercantil, ou por varias persoas conxuntamente, para puntuar a experiencia profesional ou de formación deberán comunicar e acreditar os méritos de unha única persoa da sociedade ou comunidade, preferentemente a que vaia a explotar (a bordo) que eles consideren para tal cómputo.

**D. EN CASO DE EMPATE** na puntuación, terán preferencia aquelas embarcacións cuxos armadores sexan exclusivamente unha ou varias mulleres, sempre que sexan á súa vez propietarias da embarcación ou teñan cedida a súa explotación indefinidamente.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 - Fax 981 546 025

De persistir o empate acudirase para dirimilo ao outorgado nos méritos enunciados nas letras A) a C), pola orde expresada. Así se houbese empate final seleccionaríase o aspirante que teña maior puntuación no primeiro apartado, se este fora igual acudiríase o segundo, etc.

Finalmente de continuar o empate dirimirase por sorteo a realizar en presencia dos incursos en tal situación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

galicia

Recibido 25/03/2015
Aplicar a partir desta data.

## CATÁLOGO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS RECOÑECIDAS PARA O BAREMO DE MARISQUEO A VARA

| | CODIGO | ENTIDADE ORGANIZADORA | DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE | MODALIDAD | Nº HORAS | PUNTOS | DATA RECOÑECEMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | MV-CMRM-01 | Consellería de Pesca, Marisqueo a Acuicultura | Normalización e tipificación dos productos pesqueiros | Presencial | 10 | 0,20 | 30/10/2013 |
| 2 | MV-CMRM-02 | Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura | Xestión de recursos e organización para unha pesca responsable na baixura | Presencial | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |
| 3 | MV-CMRM-03 | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | Operador-Manipulador de Productos Pesqueiros Frescos | Presencial | 36 | 0,72 | 30/10/2013 |
| 4 | MV-CMRM-04 | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | Operador-Manipulador de Productos Pesqueiros Frescos | Presencial | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |
| 5 | MV-CMRM-05 | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | Curso de Directivas para Cooperativas | Presencial | 20 | 0,40 | 30/10/2013 |
| 6 | MV-CMRM-06 | Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura | Manipulación e Procesado de Peixes e Mariscos | Presencial | 50 | 1,00 | 30/10/2013 |
| 7 | MV-CMRM-07 | Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura | Xestión Empresarial | Presencial | 50 | 1,00 | 30/10/2013 |
| 8 | MV-CMRM-08 | Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura | Formación para Directivas de Agrupacións de Mariscadores | Presencial | 60 | 1,20 | 30/10/2013 |
| 9 | MV-CMRM-09 | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | Recolector de algas de interese comercial | Presencial | 40 | 0,80 | 30/10/2013 |
| 10 | MV-AE-01 | Ministerio de Trabajo y Seguridad Social | Acuicultura | Presencial | 500 | 2,00 | 30/10/2013 |
| 11 | MV-CMRM-10 | Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos | Prevención de riscos laborais para o sector pesqueiro | Presencial | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

galicia

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | MV-CET-01 | Centro Técnológico del Mar | Curso básico de prevención de riscos laborais para o sector pesqueiro | Presencial | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |
| 13 | MV-CET-02 | Centro Técnológico del Mar | Curso básico de prevención de riscos laborais para o sector pesqueiro | Presencial | 50 | 1,00 | 30/10/2013 |
| 14 | MV-CTB-01 | Consello Galego de Cooperativas | Habilidades Sociais Básico en Cooperativas | En rede | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |
| 15 | MV-CTB-02 | Consello Galego de Cooperativas | Formación Cooperativa Básica | En rede | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |
| 16 | MV-CTB-03 | Consello Galego de Cooperativas | Formación Cooperativa en Xestión e Dirección | En rede | 50 | 1,00 | 30/10/2013 |
| 17 | MV-CTB-04 | Consello Galego de Cooperativas | Habilidades Sociais en Cooperativas e Empresas de Economía Social I | Mixto | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |
| 18 | MV-CTB-05 | Consello Galego de Cooperativas | Habilidades Sociais en Cooperativas e Empresas de Economía Social II . | Mixto | 50 | 1,00 | 30/10/2013 |
| 19 | MV-CTB-06 | Consello Galego de Cooperativas | Habilidades sociais en Cooperativas: Nivel Avanzado | En rede | 50 | 1,00 | 30/10/2013 |
| 20 | MV-CTB-07 | Consello Galego de Cooperativas | Responsabilidade Social das Cooperativas | En rede | 15 | 0,30 | 30/10/2013 |
| 21 | MV-CTB-08 | Consellería de Traballo e Benestar | Habilidades Directivas | Mixto | 60 | 1,20 | 30/10/2013 |
| 22 | MV-UDC-01 | Universidade da Coruña | Resolución de conflictos | Presencial | 10 | 0,20 | 30/10/2013 |
| 23 | MV-UDC-02 | Universidade da Coruña | Curso de Habilidades Comunicativas | Presencial | 10 | 0,20 | 30/10/2013 |
| 24 | MV-ALC-01 | Concello de Poio | Curso básico de Introducción á interpretación do Patrimonio e atención ao Público no medio natural | Presencial | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |
| 25 | MV-CMRM-11 | Consellería do Medio Rural e do Mar | Curso de Habilidades Sociais | Presencial | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

galicia

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 26 | MV-CMRM-12 | Consellería do Medio Rural e do Mar | Curso de Habilidades Sociais e Comunicación | Presencial | 30 | 0,60 | 30/10/2013 |
| 27 | MV-IME-01 | Instituto Marítimo Español | Master en Pesca e Acuicultura | Presencial | 250 | 2,00 | 24/02/2014 |
| 28 | MV-CTB-09 | Consellería de Traballo e Benestar | O Cooperativismo: emprender baixo a fórmula cooperativa | Presencial | 40 | 0,80 | 24/02/2014 |
| 29 | MV-CTB-10 | Consellería de Traballo e Benestar | ¿Pode ser o emprendemento cooperativo unha opción para ti? | Presencial | 8 | 0,16 | 24/02/2014 |
| 30 | MV-CTB-11 | Consellería de Traballo e Benestar | Manipulador operador de produtos pesqueiros frescos (avanzado) | Presencial | 15 | 0,30 | 24/02/2014 |
| 31 | MV-CTB-12 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Obradoiro de Formación Cooperativa para persoas que queren emprender | Presencial | 20 | 0,40 | 24/02/2014 |
| 32 | MV-CTB-13 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Obradoiro por que non traballamos en equipo | Presencial | 20 | 0,40 | 24/02/2014 |
| 33 | MV-CTB-14 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Obradoiro de formación elabora o teu plan de empresa cooperativo | Presencial | 20 | 0,40 | 24/02/2014 |
| 34 | MV-CTB-15 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Como elaborar un plan de empresa cooperativo | En rede | 75 | 1,50 | 24/02/2014 |
| 35 | MV-CTB-16 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Aprender a emprender formación para o emprendemento cooperativo | En rede | 70 | 1,40 | 24/02/2014 |
| 36 | MV-CTB-17 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Programa avanzado en liderado e habilidades directivas | En rede | 150 | 2,00 | 24/02/2014 |
| 37 | MV-CTB-18 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Xestión de cooperativas de traballo | En rede | 64 | 1,28 | 24/02/2014 |
| 38 | MV-CTB-19 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Iniciación á cooperativa de traballo | En rede | 34 | 0,68 | 24/02/2014 |
| 39 | MV-CTB-20 | Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA | Responsabilidade social empresarial nas cooperativas | En rede | 34 | 0,68 | 24/02/2014 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 40 | MV-GAC-01 | Grupo de Acción Costeira-Ría de Pontevedra | Internet práctica para o sector pesqueiro e marisqueiro | Presencial | 9 | 0,18 | 24/02/2014 |
| 41 | MV-SAP-01 | Sindicato da Administración Pública-SAP | Habilidades directivas | En rede | 35 | 0,70 | 24/02/2014 |
| 42 | MV-UDC-03 | Universidade de Vigo | Integración ambiental dos sectores da pesca, marisqueo e acuicultura | En rede | 30 | 0,60 | 24/02/2014 |
| 43 | MV-ALC-02 | Concello de Cambados | Comercialización e TIC para o sector pesqueiro | Presencial | 45 | 0,90 | 24/02/2014 |
| 44 | MV-ALC-03 | Concello de Cambados | Guía turístico para persoal pesqueiro | Presencial | 45 | 0,90 | 24/02/2014 |
| 45 | MV-FXPS-01 | Fundación Xestión e Participación Social | Xestión de asociacións | En rede | 32 | 0,64 | 24/02/2014 |
| 46 | MV-ALC-04 | Concello de Marín | Manipulación e presentación de productos pesqueiros na praza de abastos de Marín | Presencial | 15 | 0,30 | 24/02/2014 |
| 47 | MV-ALC-05 | Concello de Porto do Son | Xestión de asociacións | Presencial | 20 | 0,40 | 24/02/2014 |
| 48 | MV-CDP-01 | Confraría de Noia | Comercialización dos produtos pesqueiros e da acuicultura | Presencial | 30 | 0,60 | 24/02/2014 |
| 49 | MV-CDP-02 | Confraría de Noia | Operador manipulador dos produtos pesqueiros frescos | Presencial | 35 | 0,70 | 24/02/2014 |
| 50 | MV-CDP-03 | Confraría de Noia | Prevención de riscos laborais no sector pesqueiro das artes menores | Presencial | 30 | 0,60 | 24/02/2014 |
| 51 | MV-CTB-21 | Consellería de Traballo | Técnicas novidosas en acuicultura | Presencial | 40 | 0,80 | 03/06/2014 |
| 52 | MV-CTB-22 | Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude | Aplicacións informáticas de xestión | Presencial | 80 | 1,60 | 03/06/2014 |
| 53 | MV-UDC-04 | Universidade de Santiago de Compostela | Curso postgrao Economía Pesqueira | Presencial | 250 | 2,00 | 03/06/2014 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

galicia

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 54 | MV-ALC-06 | Concello de Poio | Habilidades sociais básicas para o sector pesqueiro e marisqueiro | Presencial | 40 | 0,80 | 31/10/2014 |
| 55 | MV-ALC-07 | Concello de Poio | Fórmulas asociativas no sector pesqueiro e marisqueiro | Presencial | 40 | 0,80 | 31/10/2014 |
| 56 | MV-ALC-08 | Concello de Poio | Comercialización de produtos do mar | Presencial | 20 | 0,40 | 31/10/2014 |
| 57 | MV-ALC-09 | Concello de Poio | Formación cooperativa para o marisqueo a pé | Presencial | 30 | 0,60 | 31/10/2014 |
| 58 | MV-ALC-10 | Concello de Poio | Xestión de residuos pesqueiros | Presencial | 30 | 0,60 | 31/10/2014 |
| 59 | MV-ALC-11 | Concello de Poio | Internet aplicado ao sector marisqueiro | Presencial | 20 | 0,40 | 31/10/2014 |
| 60 | MV-ALC-12 | Concello de Poio | Manipulación de produtos pesqueiros frescos | Presencial | 15 | 0,30 | 31/10/2014 |
| 61 | MV-CET-03 | Centro Tecnológico del Mar | Seminario REG-EX algas: usos, explotación e cultivos nas rexións Atlánticas Europeas | Presencial | 8 | 0,16 | 25/03/2015 |
| 62 | MV-CSIF-01 | Central Sindical Independente e de Funcionarios-Unión Provincial Pontevedra | Operador-Manipulador de Produtos Pesqueiros Frescos | En rede | 36 | 0,72 | 25/03/2015 |
| 63 | MV-CSIF-02 | Central Sindical Independente e de Funcionarios-Unión Provincial Pontevedra | Resolución de conflitos | En rede | 30 | 0,60 | 25/03/2015 |
| 64 | MV-CDP-04 | Confraria de pescadores de Baratlobre | Como elaborar un plan de empresa cooperativa | En rede | 75 | 1,50 | 25/03/2015 |